

BASES XII CERTAME LITERARIO DE RELATO CURTO 2026 'NUN RECUNCHO DA MEMORIA'

TEMÁTICA: O DÓ ANTICIPADO

A. Introducción

A Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer e outras demencias de Galicia (AFAGA Alzheimer) é unha entidade sen ánimo de lucro, xurdida no ano 1994 trala mobilización espontánea de familiares de enfermos de Alzheimer, a raíz da desorientación e falla de información que naquel momento existía respecto deste diagnóstico. Tras anos de dedicación, profesionalidade e esforzo AFAGA ALZHEIMER sitúase como o principal expoñente na defensa e atención social das persoas que padecen Alzheimer e dos seus familiares en Galicia.

Velaquí as Bases do XII CERTAME LITERARIO DE RELATO CURTO "NUN RECUNCHO DA MEMORIA" EDICIÓN 2026:

B. Persoas participantes, autoría e orixinalidade das obras

Poderán participar neste concurso **todas as persoas escritoras maiores de 16 anos, calquera que sexa a súa nacionalidade, que presenten relatos orixinais, inéditos e escritos en castelán ou galego, sendo preferente o galego.**

A presentación dun relato ao concurso implica necesariamente a aceptación íntegra e incondicional das bases descritas no presente documento. Ademais as persoas participantes garanten:

- Que os relatos son de titularidade exclusiva, orixinais e inéditos.
- Que os relatos non foron creados total ou parcialmente con IA (inteligencia artificial).
- Que os relatos non son unha copia, modificación total ou parcial dunha obra allea.
- Que os relatos non están sometidos a ningún outro concurso pendente de resolución.
- Que non foron gañadores en ningunha das anteriores tres edicións deste certame.

C. Temática do relato

Nesta ocasión, a temática abordará o tema “**O DÓ ANTICIPADO**”. Cómpre destacar que nesta edición buscamos ir mais alá dunha proposta cultural: queremos abrir un espazo íntimo para reflexionar sobre este proceso, concretamente nas enfermidades neurodexenerativas. Un camiño compartido que une a familiares, cuidadores, amigos, institución, persoas e sociedade no seu conxunto, no seu día a día.

Cando o alzhéimer chega, os cambios non ocorren de golpe, senon que aparecen pouco a pouco, de xeito sutil. Empeza amodo, case en segredo. Primeiro esquécese os nomes, mesmo as palabras más cotiáns, as historias compartidas; logo xorden momentos de desorientación, os recordos que se resisten a desaparecer... A persoa segue ahí, coa súa presenza, pero de maneira distinta, abrindo a porta a redescubrila.

Quen acompaña durante todo este proceso, emprende tamén un cambio, na que o amor, a paciencia e o coidado adquiren valores esenciais. Neste camiño aparecen emocións diversas: a nostalxia polos recordos, a tenrura nos pequenos xestos, a entrega diaria e a capacidade de seguir creando momentos xuntos. É unha experiencia única na que destaca o valor do acompañamento continuo, a presenza e os lazos de afecto, que vense fortalecidos co paso do tempo.

Buscamos que, a través dos relatos, os/as artistas compartan as súas propias vivencias, xa que o proceso do alzhéimer vívese dende **dúas perspectivas: a da persoa diagnosticada, pero tamén a das persoas que acompañan e coidan, sexan familiares, amizades, veciñanza, cuidadores, profesionais, institución ou a propia sociedade.**

Por todo isto, valoramos relatos humanos, honestos, e cercanos que, a través das palabras, dean voz ás experiencias compartidas, poñendo en valor o coidado, o agarimo e a importancia de acompañar.

D. Categorías

Establécense **2 categorías**, so admitindo unha obra por autor:

- A. Galego
- B. Castelán

Cada unha delas premiará a **mellor obra escrita en cada un dos dous idiomas admitidos, castelán e galego**, non podendo concorrer unha obra a ambas categorías por medio da súa remisión en ambos idiomas.

E. Presentación dos relatos de narrativa ao certame

Os relatos presentaranse dende o 5 de maio de 2026 ao 6 de xullo de 2026, en formato dixital (online) mediante o envío de **ambos documentos** ao correo electrónico formacion@afaga.com indicando no **asunto** do correo: **XII CERTAME LITERARIO DE RELATO CURTO “NUN RECUNCHO DA MEMORIA” 2026 + CATEGORÍA**.

Os arquivos enviaranse **en PDF** coa seguinte denominación:

- **“TÍTULO DO RELATO”+ PSEUDÓNIMO** (en maiúsculas)

A extensión dos orixinais será dun **máximo de 4 páxinas e un mínimo de 1 páxina**, a unha soa cara, en tamaño DIN A4, en letra Arial, tamaño 12 e interliñado de 1,5 liñas. Ademais, levará unha portada (no computa a efectos de páxinas) onde aparecerá exclusivamente o título do relato e o pseudónimo do/a autor/a.

Acéptanse traballos con debuxos, fotografías, links externos ou calquera outro tipo de adorno alleo ao propio texto, sempre que non se exceda a extensión antes mencionada.

- **“PLICA”+ PSEUDÓNIMO** (en maiúsculas). Ademais, nun documento anexo deberase identificar a seguinte información:
 - Título do relato.
 - Pseudónimo do/da autor/a
 - Nome e apelidos do/da autor/a.
 - Data de nacemento do/da autor/a.
 - Enderezo postal completo (Rúa, Nº, Piso, Letra, CP, Población, Provincia)
 - Teléfono móbil de contacto
 - Identidade do autor/a mediante copia ou imaxe escaneada do DNI ou pasaporte
 - Correo electrónico de contacto.

F. Descalificacións

Os traballos presentaranse nas condicións anteriormente establecidas (aqueles que non cumpran todos os requisitos, sean de forma ou de contido, quedarán fóra de concurso). Ademais tamén quedarán descalificados aqueles relatos que inciten ou fomenten a violencia, a discriminación por razón de idade, orixe, sexo, relixión, opinión ou calqueira outra condición ou circunstancia persoal ou social.

G. Xurado e votación

O xurado terá as facultades normais de conceder ou declarar deserto o premio, e emitir o fallo, así como interpretar as presentes bases. A decisión do xurado **será inapelable**.

O xurado estará composto por un grupo multidisciplinar de persoas, relacionadas co mundo do Alzheimer e das demencias neurodexenerativas, destacando profesionais do sector sociosanitario. A saber:

- Dona Paula Bouzós Barros, actual Deputada de Igualdade e Benestar Social da Deputación de Pontevedra.
- Dona Ana Pérez Peleteiro, Técnica do Servizo de Cultura da Deputación de Pontevedra.
- Don Roberto Penas, Presidente da Asociación Letra Escrita.
- Dona Eva Blanco Lorenzo, Departamento de recursos humanos de AFAGA.
- Dona María del Coral Barciela Domínguez, Departamento de Comunicación de AFAGA.
- Dona Beatriz Rodríguez Álvarez, Psicóloga de AFAGA.
- Dona Purificación Casal Seijo, Auxiliar de Enfermería de AFAGA.
- Dona Alba López Lanciego, Psicóloga de AFAGA.
- Don Jesus María Andrea Reyes, Terapeuta ocupacional de AFAGA.
- Dona Paula Rey Blanco, Psicóloga de AFAGA.
- Dona Sara Calzado Davila, Integradora social de AFAGA.
- Dona Marina Requejo Román, Traballadora social de AFAGA.
- Dona Belén Román Fariñas, Educadora social de AFAGA.
- Dona Ruth Deaño Álvarez, Psicóloga de AFAGA.

Os resultados daranse a coñecer, previsiblemente, durante a primeira semana de setembro de 2026, dándose a coñecer a través dos distintos medios de comunicación de AFAGA Alzheimer: <https://afaga.com>, LinkedIn, Facebook, e Instagram.

O acto de entrega dos premios terá lugar durante a segunda quincena do mes de setembro de 2026, arredor do día 21, por celebrarse o Día Mundial do Alzhéimer, nun acto público, previsiblemente nun espazo da sede da Deputación de Pontevedra en Vigo.

Por motivos de organización, serán contactadas previamente as persoas gañadoras (preferiblemente de forma presencial ou, no seu defecto, de forma virtual), podendo asistir acompañadas, e ao que estarán invitados os/as membros do xurado e todas as persoas participantes, a quen enviaráselles un correo informativo.

H. Premio

Premiarase o mellor relato de cada unha das categorías (castelán e galego), consistindo o premio en:

- Por unha banda, premiaranse cun **libro electrónico ou ebook**, que poderá ser substituído, dentro dos mesmos rangos económicos fixados razoablemente pola asociación, cun teléfono móbil ou unha tablet.
- Por outra banda, se publicarán os relatos **vencedores**, salvo comunicación en contra previa, expresa e por escrito, nunha edición recopilatoria das obras gañadoras das últimas edicións, en formato papel e dixital.

A entrega do premio escollido polas persoas gañadoras realizarase no propio acto público. Os nomes dos/as gañadores/as, así como os finalistas, publicaranse en: <https://afaga.com>, Facebook e Instagram.

I. Cesión de dereitos e publicación das obras

AFAGA Alzheimer poderá dispor de todas as obras presentadas para a súa publicación na forma e maneira que crea oportuno, salvo comunicación previa, expresa e por escrito, por parte das persoas escritoras participantes, aínda que non se trate das obras gañadoras.

No momento en que unha determinada obra sexa seleccionada para a súa publicación, identificarase o/a autor/a o autora desta, salvo que designase pseudónimo en aras de preservar o seu anonimato.

J. Criterios a seguir para a avaliación das obras

Que a obra estea **acorde á temática** da convocatoria deste ano que é a **“O DÓ ANTICIPADO”**.

- Que a **finalidade do relato sexa empatizar** con esta enfermidade. Que evite conductas con elementos de prexuízos, estereotipos, discriminativos ou infantilización.
- Que a obra posúa **emotividade**: que a obra exprese, que faga emocionar ao/á lector/a: que conmova, sorprenda, emocione ou logre xerar conexión.
- **Valoraranse especialmente:**
 - o **Idioma**: preferentemente o galego, aínda que non se exclúen os relatos escritos en castelán, xa que participarán na categoría castelán.

- o **Orixinalidade e frescura:** Avalía se o relato ofrece unha perspectiva única ou nova, e se o autor/a logrou abordar o tema dunha maneira fresca e interesante.
- o **Estrutura:** Observa como está organizado o relato. Valora se ten unha introdución sólida, desenvolvemento coherente e un desenlace satisfactorio.
- o **Caracterización:** Analiza como se presentan e desenvolven os personaxes no relato. Observa se son cribles, complexos e se evolucionan ao longo da historia.
- o **Estilo e uso da linguaxe:** Presta atención á calidade da escritura e a habilidade do autor/a para expresarse. Avalía a fluidez do texto, o uso efectivo do vocabulario, as metáforas e outros recursos literarios.
- o **Calidade técnica da linguaxe:** Considera aspectos técnicos como a gramática, a ortografía e a puntuación. É importante tamén a habilidade do/a autor/a para expresarse, así como o uso da linguaxe inclusiva.
- o **Coherencia e consistencia:** Considera se o relato mantense coherente internamente e se os elementos da historia encaixan entre si. Valora tamén a consistencia no ton, o estilo e a voz narrativa.
- o **Mensaxe:** transmitir unha mensaxe clara ou provocar unha reflexión no lector.

K. Protección de datos

De acordo co establecido na normativa vixente en materia de protección de datos persoais: LOPD (Lei Orgánica 3/2018 do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais) e RGPD (Regulamento 2016/679 relativo á protección de datos das persoas físicas en canto ao tratamento dos datos persoais e a libre circulación destes datos), informamos que ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS DE GALICIA, con NIF G36776920, con domicilio en Avenida Martínez Garrido Nº21 – Baixo, Interior, CP 36205, Vigo gardará os datos coa finalidade exclusiva de xestionar a participación no certame. Para exercer os derechos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, poderán os participantes/artista: enviar un mail a d.juridico@afaga.com

En Vigo, a 5 maio 2026